

A historical map of Betanzos, Galicia, showing the River Ulla and surrounding settlements. The map is divided into yellow and blue sections, likely representing different land ownership or administrative divisions. The River Ulla flows through the center, with several bridges and crossings marked. The text "GRAN ENCICLOPEDIA DA MIGRACION BETANCEIRA" is overlaid in large, bold, black letters. Below it, the phrase "Non hai fronteiras" is written in a red, cursive script.

GRAN ENCICLOPEDIA DA MIGRACION BETANCEIRA

Non hai fronteiras

GRAN ENCICLOPEDIA DA MIGRACION BETANCEIRA

Non hai fronteiras

CADERNO CUBERTO POLO CURSO:

DO CENTRO EDUCATIVO:

LUGAR A ESTUDAR:

COMPAÑEIR@ PROTAGONISTA:

DATA DO CADERNO

GRAN ENCICLOPEDIA DA MIGRACION BETANCEIRA

Non hai fronteiras

As Tanxugueiras cantaban iso de que «Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar / Esas bravas gorxas de fondo cantar / De fondo cantar, de fondo cantar / Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar» para acabar berrando que non hai fronteiras.

Pero fronteiras houboas sempre e a sorte de cada territorio sempre foi dispar. Os propios galegos somos unha mostra diso, sendo unha poboación emigrante en diferentes épocas da nosa historia e recibindo inmigración doutras partes do mundo noutros períodos.

E agora o que queremos é coñecer mellor as culturas deses compañeiros e compañeiras de clase (ou das súas familias) que viñeron a Betanzos na procura dun futuro mellor. Todos eles coñecerán a nosa historia e as nosas costumes a través do museo e logo nós coñeceremos as súas a través do traballo conxunto na aula.

Con esta actividade trataremos de coñecer o noso pasado migrante pero tamén queremos poñer en valor a cultura e a suma de identidades que supón o poder recibir agora na nosa terra a amigos e amigas procedentes de todo o mundo.

Para iso coñeceremos primeiramente a nosa historia ligada aos movementos migratorios para logo investigar na aula o pasado, a cultura e as raíces dos nosos compañeiros e as súas familias. Cubriremos un caderno idéntico para todas as testemuñas que será entregado no Museo das Mariñas, onde os cadernos de todas as procedencias axudarán a crear a gran enciclopedia dos migrantes betanceiros, favorecendo con este fito a creación de comunidades e a posta en común da nosa mestizaxe.

ITINERARIO MIGRANTE DA

BAM Betanzos

Arquivo

Rexistros de emigrantes
Cartas de emigrantes
Censos de emigrados

Biblioteca

Virtudes e misterios
Betanceiros no Reino Unido
Wa Wa Wa
Anuario Brigantino

Hemeroteca

Revista do Centro Betanzos

Museo

INMIGRACIÓN

Lauda árabe
Ara romana
Moedas romanas
Antonio Sánchez de Taibo
Tesouriño de San Francisco

EMIGRACIÓN XIX

Manuel Naveira
Irmáns García Naveira
Centro Betanzos B. Aires

EMIGRACIÓN XX

Centro Betanzos La Habana
Carlos López García-Picos
Jesús Núñez
Antonio Portela
Manuel Crestar
Bandeira republicana do exilio
Rafael Seoane
Historias de vida

OBXECTIVOS DO ITINERARIO MIGRANTE DA

BAM Betanzos

Na BAM

Identificar elementos
característicos da nosa cultura:

- Episodios históricos
- Persoeiros destacados
- Fitos culturais: libros, mapas
- Elementos musicais
- Elementos pictóricos
- Vestimentas
- Sistema educativo
- Monumentos significativos
- Tradicións

Diferenciar conceptos:
Migración, inmigración,
emigración, exilio, represión,
viaxe, analfabetismo, miseria,
racismo, integración..

Na aula

Identificar elementos
característicos da cultura de orixe
dos compañeiros inmigrantes ou
das súas familias:

- Episodios históricos
- Persoeiros destacados
- Fitos culturais: libros, mapas
- Elementos musicais
- Elementos pictóricos
- Vestimentas
- Sistema educativo
- Monumentos significativos
- Tradicións

Coñecer novas historias de vida
Toma de conciencia das novas
comunidades

Favorecer a integración e o
intercambio de saberes

METODOLOXÍA

de Traballo

Na BAM

1. **Visita guiada** pola Biblioteca, Arquivo e Museo das Mariñas, prestando especial atención ás historias ligadas ás migracións. (90 minutos)

Na BAM

6. Compoñer e custodiar, cos cadernos creados por todas as aulas dos diferentes centros, unha gran enciclopedia da migración betanceira, clasificada por lugares de orixe.

Na aula

2. Reflexionar sobre a actividade na BAM Betanzos
3. Identificar historias de vida de compañeiros inmigrantes ou das súas familias
4. Cubrir este caderno ca información do lugar de procedencia de cada compañeiro estranxeiro
(Se hai máis de un, o ideal é dividir a clase en tantos grupos como inmigrantes haxa).
5. Compartir os resultados co resto da aula e entregar o caderno cuberto na BAM Betanzos.

MAPEA O TERREO

Sitúa no mapa a súa orixe

Imaxina que vives en Oceanía e un bo día despertas e a túa familia che di: "Marchamos a Betanzos" Seguramente non terías nin idea de onde está a que agora é a nosa cidade. Pois por iso queremos que situedes no mapa o lugar de orixe (país, rexión ou cidade) dos teus compañeiros ou das súas familias inmigrantes. Afina o debuxo do mapa, vai quedar para a posteridade!

MAPEA O TERREO

EPISODIOS HISTORICOS

Principais episodios históricos

Toca investigar! Hai que ler sobre a cidade, a rexión ou o país de orixe do voso compañeiro e necesitamos que expliquedes os principais acontecementos históricos dese lugar.

Poden ser cousas boas ou malas. Trata de datalas no tempo ca maior precisión posible e resume en dúas liñas que foi o que pasou.

EPISODIOS HISTORICOS

ELEMENTOS CULTURAIS

Referencias culturais

Investigade para coñecer cales son os libros máis importantes na súa rexión de orixe. En España todo o mundo coñece o *Quijote* e en Betanzos todos escoitaron falar do libro *Virtudes (e misterios)* co que o veciño Xesús Fraga gañou o Premio Nacional de Narrativa...pero cales son os libros máis importantes da súa cultura?

PERSOEIROS FAMOSOS

Veciños ilustres

Seguro que no Museo coñecíchedes moitos nomes de veciños que tiveron vidas de película, que axudaron aos demais ou que pasaron á posteridade polo seu traballo.

Gustaríanos que anotárades nomes de persoeiros relevantes na cultura dos vósos compañeiros para coñecer historias de persoas de todo o mundo que tamén merezan estar no museo.

QUE, NON PARE A MÚSICA

Música, baile e instrumentos

En Betanzos podemos fachendear da historia da nosa Banda de Música Municipal ou da labor de músicos como Carlos López García-Picos.

Pero seríades capaces de identificar músicos, estilos musicais, bailes típicos ou instrumentos habituais nos entornos dos vosos compañeiros?

ARTE E ARTISTAS

Pintura, música, baile, instrumentos

En Betanzos podemos fachendear da historia da nosa Banda de Música Municipal ou da labor de músicos como Carlos López García-Picos.

Pero seríades capaces de identificar músicos, estilos musicais, bailes típicos ou instrumentos habituais nos entornos dos vosos compañeiros? E pintores e pintoras famosos? Cales son os seus traballos máis coñecidos?

ARTE E ARTISTAS

Pintura, música, baile, instrumentos

En Betanzos podemos fachendear da historia da nosa Banda de Música Municipal ou da labor de músicos como Carlos López García-Picos.

Pero seríades capaces de identificar músicos, estilos musicais, bailes típicos ou instrumentos habituais nos entornos dos vosos compañeiros? E pintores e pintoras famosos? Cales son os seus traballos máis coñecidos?

ARTE E ARTISTAS

MODA E VESTIMENTA

Coma na nosa Sala do Traxe

No Museo das Mariñas podedes ver exemplos de traxes de paseo, festa e cerimonia; podedes ver traxes tradicionais, vestimentas empregadas nos oficios máis humildes e incluso traxes relixiosos ou de cargos políticos e de diferentes oficios. Seríades capaces de identificar exemplos de moda no país de orixe dos vosos compañeiros?

MODA E VESTIMENTAS

HAI QUE IR AO COLE!

Aulas dende o século XIX ao XXI

Xa vichedes como eran as aulas das escolas de Betanzos a finais do século XIX e comezos do XX. A súa decoración, os seus pupitres, os seus libros...

Agora queremos saber como son as escolas de todo o mundo. Describide, debuxade e contádenos como son as escolas que lembrades no voso país de orixe.

**HAI QUE IR AO
COLE**


OS MELLORES MONUMENTOS

Como son as vilas no resto do mundo?

Aquí presumimos do Museo das Mariñas mais tamén do Parque do Pasatempo, das igrexas do noso casco histórico, dos nosos ríos e dos nosos edificios máis senlleiros.

Cales eran os principais monumentos nas súas rexións? Describide e buscade fotografías dos principais monumentos.

OS MELLORES MONUMENTOS



AS VOSAS TRADICIONS

Gastronomía, bailes, cultos e festas

En Betanzos hai tradicións que se levan facendo ano a ano dende hai centos de anos. Romarías coma a do barrio da Magdalena, festas como a do Globo, bailes como as danzas gremiais ou receitas segredas como a da tortilla.

Cales serían as tradicións máis destacadas na súa cultura de orixe? Queremos saber como son as súas festas, que comen e que eventos levan repetindo durante moito tempo.

AS VOSAS TRADICIONS